

MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO E O CONSELLO GALEGO DOS PROCURADORES DOS TRIBUNAIS, PARA A COLABORACIÓN EN MATERIA DE MEDIACIÓN NO ÁMBITO CIVIL E MERCANTIL NO ANO 2021.

A Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo é o órgano da Administración autonómica que ten atribuído o exercicio das competencias en materia de xustiza en virtude do artigo 20 do Estatuto de autonomía de Galicia, aprobado pola Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril. É desexo desta Consellería a realización de todas aquelas actuacións coas que poida acadarse a maior eficacia en relación cos temas da Administración de xustiza en xeral, segundo as funcións que lle atribúe o Decreto 214/2020, do 3 de decembro, polo que se establece a súa estrutura orgánica.

Nos mencionado ámbito material, unha das vantaxes da mediación intraxudicial é a súa capacidade para dar solucións prácticas, efectivas e rendibles a determinados conflitos entre partes, o que a configura como unha alternativa ao proceso xudicial ou á vía arbitral, dos que se debe deslindar con claridade. A mediación está construída arredor da intervención dun profesional neutral que facilita a resolución do conflito polas propias partes dunha forma equitativa, permitindo o mantemento das relacións subxacentes e conservando o control sobre o final do conflito. A mediación pode proporcionar unha solución extraxudicial económica e rápida a conflitos en asuntos civís e mercantís, mediante procedementos adaptados ás necesidades das partes. É máis probable que os acordos resultantes da mediación se cumpran voluntariamente, e tamén que se manteña unha relación amigable e viable entre as partes. Estes beneficios son aínda máis perceptibles en asuntos que teñan carácter transfronteirizo.

Antecedentes: No desenvolvemento da competencia referida anteriormente, en anos anteriores asináronse convenios de colaboración con diversas institucións para poñer en marcha proxectos experimentais de mediación no ámbito de familia e no ámbito penal. De igual modo, nos anos 2014 e 2019 asinaronse un protocolo e un convenio de colaboración co Consello Galego dos Procuradores dos Tribunais para a extensión e promoción da mediación no ámbito civil e mercantil. No ano 2021 asinou un Convenio Marco co Consello Xeral do Poder Xudicial para a promoción da mediación e outras formas pacíficas para a resolución de conflitos.

Seguindo co impulso desta materia, o presente convenio pretende continuar no ano 2021 co proxecto experimental de mediación no ámbito civil e mercantil en Galicia, financiado con fondos públicos, no marco establecido pola Lei 5/2012, do 6 de xullo, de mediación de asuntos civís e mercantís, que no seu



artigo 5.1 dispón que poderán ser institucións de mediación as entidades públicas ou privadas, españolas ou estranxeiras, e as corporacións de dereito público que teñan entre os seus fins o impulso da mediación.

Finalidade: Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar co Consello Galego dos Procuradores o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que comprende dende a súa sinatura ata o 31 de decembro de 2021, non obstante abranguerá as accións obxecto do convenio que se realicen desde o 1 de xaneiro de 2021.

O convenio ten por obxecto establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo e mais o Consello Galego dos Procuradores dos Tribunais para a promoción do servizo de mediación mediante o desenvolvemento dun programa experimental de mediación no ámbito civil e mercantil en Galicia, dependente do citado Consello e dos seis colexios de procuradores que hai en Galicia.

A mediación que realizará o Consello Galego de Procuradores dos Tribunais comprenderá os servizos de mediación intraxudicial e extraxudicial, en materia civil e mercantil. O servizos de mediación intraxudicial entenderá de daqueles asuntos que se encontren inmersos na vía xurisdiccional, ofrecendo unha alternativa a esta para as partes, mentres que o servizo de mediación extraxudicial entenderá de todos os demais asuntos que non se encontren no apartado anterior.

O Consello Galego dos Procuradores dos Tribunais ofrecerá o persoal cualificado para a prestación do servizo de mediación, sendo o servizo de mediación intraxudicial, que requirirá o consentimento da Administración de xustiza a través das autoridades competentes, gratuito para os usuarios. Pola súa banda, o servizo de mediación extraxudicial será gratuito para aqueles usuarios que nun procedemento xudicial estarían en condicións de ser beneficiarios de asistencia xurídica gratuita. Para os usuarios non comprendidos no apartado anterior estableceranse de común acordo as tarifas do prezo do servizo.

O instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no seguinte:

A mediación como procedemento pode dar solución extraxudicial dun xeito rápido e económico aos conflitos mediante procedementos adaptados ás partes. Deste xeito se define na Directiva 2008/52/CE do Parlamento Europeo e do Consello da Unión Europea, no seu artigo 3 como procedemento estruturado, sexa cal sexa o seu nome e denominación, no que dúas ou máis partes en conflito tentan voluntariamente acadar por si un acordo sobre a resolución do seu litixio coa axuda dunha/dun mediadora/or, procedemento que pode ser iniciado polas partes, suxerido ou ordenado por un órgano xurisdiccional ou prescrito polo Dereito dun Estado membro. Neste sentido, considérase que a mediación



intraxudicial (aquela que se leva a cabo cando o proceso xudicial xa está iniciado) resultaría ser unha metodoloxía axeitada e válida para resolver unha porcentaxe significativa de procesos xudiciais, garantindo a tutela xudicial dos dereitos dos cidadáns e contribuíndo á implantación dunha Xustiza de calidade capaz de resolver os diversos conflitos que xorden nunha sociedade moderna e, á vez, complexa.

Financiamento: co fin de financiar os gastos relativos ao nomeamento dos mediadores por parte do Consello Galego dos Procuradores dos Tribunais, a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, a través dos orzamentos da Dirección Xeral de Xustiza, achegará con cargo á aplicación orzamentaria 05.22.131A.481.0 dos orzamentos de gastos para 2021, un importe máximo de VINTE E CINCO MIL EUROS (25.000,00 euros) desglosado do seguinte xeito:

- Ata un máximo de 22.000 € para o aboamento das mediacións efectivamente realizadas
- Ata un máximo de 3.000 € para o aboamento ao Consello Galego dos Procuradores dos Tribunais como gastos xerais para a execución do convenio.

As cantidades anteriores seranlle transferidas ao Consello Galego dos Procuradores trala certificación da intervención ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida a subvención, de acordo co establecido no artigo 28.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o dito convenio fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 4 da dita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se puidesen presentar.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

Juan José Martín Álvarez

Director Xeral de Xustiza

